

Só uns pensamentos...

Sempre me gustou o troupeleo do metro cando vou sentado. Está claro que se vou cargado de cousas non o soporto. Non son deses estúpidos masoquistas.

O caso é que non sei por que, pero o metro é o único lugar que coñezo que me abstrae desta maneira. De repente chego ao meu destino e non lembro como o fixen, e é cando me dou conta de que ter a boca aberta e mirar ó teito en público, como dicilo, chama a atención.

Agora mesmo pensaba nas expectativas. Pero non neses rollos de presión da familia e esas cousas. Pensaba en cando esperas algunha cousa de alguén, e sabes que esa cousa non chegará, pero aínda así es incapaz de non sorprenderte cando non chega.

Outra vez a boca aberta.

O tío de diante debería comprar un xampú anti-caspa, ten os ombros cheos de puntiños brancos. Levanta o seu libro de 500 páxinas como esperando que todo o mundo vexa o moito que le. Odio á xente que levanta o libro cando le no metro. Seguro que cren que todo o mundo os mira e gústalles sentirse observados. Hai moita xente así no metro. Pero mírame a min, aquí estou, mirándoo.

(O da caspa faime pensar en mercar xampú. Esta mañá non quedaba nada no tubo e tiven que usar xel de baño. Hai moitas horas que non me miro no espello, pero debo ter moi mal aspecto. Se non me coido o pelo podería acabar como o tío do libro).

Cando vou sentado no metro e non estou mirando ao teito coa boca aberta, teño o costume de sorprendeme imaxinando onde irá ese tío de alá, de onde virá o de enfrente, e que debe haber feito ese tío de alí para estar tan cansado e durmirse nun lugar como este. Iso vino nunha película, alguén o facía, e agora non podo evitar facelo. Aínda que tamén teño outras manías: cando alguén le apuntamentos no metro, alí estou eu para comprobar que estuda. E é entón cando me sorprendo de que ese tío sexa estudante de enxeñaría física. Quen o diría. No seu I-pod soa algo que co tempo seguro que lle provocará algún tipo de esquizofrenia. Chumba-chumba.

O tío da caspa baixou en Liceu. Agora acaba de entrar a de cada día. Co carro cheo, como cada día. Deberían facer algún tipo de lei que prohiba entrar peixe fresco aos vagóns do metro. Estou seguro de que eu, e o resto de xente aquí presente que se tapa o nariz, apoiariamos a súa aprobación.

Agora pensaba outra vez nas expectativas. Non podo evitalo, é algo que me cabrea moito. Pero non me cabreo coa persoa da que espero algunha cousa, senón comigo mesmo. Sabes que iso que esperas non chegará, e segues esperando que o faga. Visto así, non se me ocorre semellante tontería.

E outra vez a boca aberta.

Pregúntome a que se dedicará a do peixe. Seguramente sexa unha dasas asistentas que traballan para anciáns con cartos, ou para familias con cartos. Para xente con cartos, vaia. Quizais teña que traer a comida cada mañá, deixala preparada, e pasará de ser a muller do peixe a ser a muller que se dorme porque está cansa. E seguro que levará unha dasas bolsiñas de papel que leva a xente cando vén de traballar. É una regra que se aplica case ao 100% dos casos: quen leva a comida preparada ao traballo, lévaa nunha dasas bolsiñas. Ou quizais ten unha familia numerosa á que alimentar. Pero non, eu a esa muller véxoa moi traballadora. Seguro que é unha combinación das dúas cousas.

Aínda que para canso aquel tío de alí que se dorme. Desde aquí podo velo ben. Como eu non adoito durmirme no metro, hai unha cousa que non consigo entender. ¿Como a xente, cando se dorme aquí, non chega nunca a caer da cadeira? É dicir, sempre se lles vai caendo a cabeza, pouco a pouco, pero cando chega ao maior nivel de perigosidade, a levantan case sen abrir os ollos. E así están todo o traxecto. Déixana caer e vólvena levantar. E nunca chegan a caer ao chan. O ser humano está infravalorado.

Volvamos ao tío que se dorme: eu tamén me durmiría se tivese que cargar con esa caixa de ferramentas. Debaixo do seu mono branco, de xeso, debe haber algo de cor laranxa, pero está tan sucio que non consigo distinguilo. A gorra ten a viseira plana, non sei se iso debe protexer moi ben do sol.

O caso é que debe estar traballando desde as 6 da mañá. Pobriño. Aínda que se eu fose el, seguro que non me gustaría que me mirasen con cara de mágoa cando vou sucio, suado, e se me cae a cabeza cada 5 segundos.

Aquí é onde me escoito mellor. Non sei si me explico, pero me da a sensación de que ultimamente a xente, en xeral, pensa moi pouco. E non me refiro a pensar en plan filosófico nin nada polo estilo. Refírome a pensar en plan oírse a un mesmo. Pero sen rolos profundos. Ver até onde chega a túa mente, por exemplo, deixándoa completamente en branco durante uns minutos. Cando estás tan abstraído non custa tanto. De verdade, deberías probalo.

Creo que o tío cansado do mono laranxa que agora é branco pasou a súa parada. Ou iso, ou tamén el é un futuro esquizofrénico, como o tío do I-pod. Se non non podo entender por que maldí e mira o panel de paradas. É curioso porque ás veces cremos que chamamos a atención (neste caso, inconscientemente, o tío debería crer que todos os presentes coñecíamos a súa parada) e intentamos disimular para quítalle ferro ao asunto. E é entón cando chamamos a atención.

Trátase do tipo de cousas que sabemos que non son necesarias, pero que seguimos facendo. Como esperar algo que sabemos que non chegará.

E outra vez a boca aberta.

Báixome xa.